

EXPTE. Nº: 14/2015 E.L. SERVIZO DE “DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO”, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓNS”

### **SERVIZO OBXECTO DA CONTRATACIÓN:**

**“DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓNS”**

**PREGO UNIFICADO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO:** A prestación do servizo de “**DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓNS**”, conforme a este prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas (en diante **PUCAPT**) e a oferta que presente o contratista. A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (**CPV**), é **79100000-5**. O obxecto do presente contrato comprende:

A defensa letrada, dende a data da firma do contrato, mediante avogado colexiado en exercicio, do Concello de Sanxenxo (en diante Concello) e do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo (en diante Terra), ante os Xulgados e Tribunais de calqueira tipo de xurisdición, así como ante o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, Xurado de Expropiación de Galicia, Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación, Tribunal de Defensa da Competencia, Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ou calqueira similar aos anteriores, respecto dos recursos, accións ou calquera tipo de incidente, que se deduzan ou que xa estean deducidos, fronte ás actuacións ou a inactividade da Concello ou de Terra e nos recursos, accións ou calquera tipo de incidente a entablar ou que xa estean entablados, ante os Xulgados e Tribunais de calqueira tipo de xurisdición, así como ante o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, Xurado de Expropiación de Galicia, Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación, Tribunal de Defensa da Competencia, Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ou calqueira similar, polo Concello ou por Terra, fronte as actuacións doutras Administracións Territoriais ou doutras persoas físicas ou xurídicas, que afecten a cuestións que sexan do interese municipal ou do organismo autónomo.

Aínda que a duración do contrato é a sinalada na **cláusula 20ª** deste prego, de conformidade co sinalado no art.303.3 do Real Decreto Legislativo 3/11, do

14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), o adxudicatario deste contrato, na data posterior a fixada como período de duración do contrato na citada cláusula, quedará obrigado, se así o considera oportuno o ente contratante, a seguir coas actuacións encargadas en execución deste contrato e que estivesen pendentes de resolución no momento de finalización do período de duración deste contrato, entendendo que os asuntos estarán resoltos cando as sentenzas, autos ou actos ditados nos seus respectivos procedementos sexan firmes, correspondéndolle igualmente ao adxudicatario, se así o considera oportuno o ente contratante, defender ao Concello ou a Terra de todos os incidentes que poidan derivarse da execución de sentenzas firmes, aínda que o período de duración do contrato xa estivese finalizado, respecto das actuacións encargadas en execución deste contrato. Todas as actuacións citadas neste parágrafo do prego non supoñerán custo algún adicional para o ente contratante ao aboamento ao adxudicatario do prezo do contrato durante o período de duración sinalado na **cláusula 20ª** deste prego.

Forma parte do contido deste servizo a representación do Concello nos asuntos que se lle encarguen ao adxudicatario en execución deste contrato, agás que a normativa non o permita, casos nos que a representación recaerá nun procurador/a designado polo ente contratante.

Os letrados que defendan ao Concello ou a Terra en execución deste contrato, asumiran a súa incompatibilidade para actuar en asuntos en que se poidan ver afectados intereses do Concello ou de Terra. O incumprimento desta obriga será causa específica de resolución do contrato.

Independentemente deste contrato, tanto o Concello como Terra, poderán encargar a defensa de determinados asuntos a persoas físicas ou xurídicas distintas da adxudicataria deste contrato.

**2.- PRESUPUESTO MÁXIMO DA LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** Sinálase como presuposto máximo de licitación por ano (12 meses) **55.000,00 €**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **11.550,00 €** e o orzamento máximo de licitación por ano, co IVE, é de **66.550,00 €**.

Dado que o contrato ten unha duración **DUN ANO** e **TRES** posibles prórrogas **DUN ANO** cada unha, o presuposto máximo de licitación para a totalidade da duración do contrato, incluída as prórrogas previstas neste prego e valor estimado do mesmo, é de **220.000,00 €**, o IVE ascende a **46.200,00 €** e o presuposto máximo de licitación para a totalidade da duración do contrato, incluídas as prórrogas previstas neste prego e valor estimado do mesmo, co IVE, é de **266.200,00 €**.

As ofertas dos licitadores referenciaranse, a baixa, ao importe do presuposto

máximo de licitación por ano (12 meses), co IVE, que figura nesta cláusula (**66.550,00 €**).

No caso de que o licitador non o puntualizase, entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

**3.-FINANCIACIÓN:** Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente no presuposto vixente con cargo ás aplicación 15101 / 22604, 92004 / 22604 e (Terra 33004 / 22604). A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

**4.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS:** O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de execución.

**5.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR:** Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

**6.-PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:** O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria.O órgano de contratación é a Alcaldía, por aplicación do estipulado na Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do TRLCSP, ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración non superior a 4 anos.

**7.-PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS:** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados (que poderán ser lacrados e precintados), firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante).

O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.

Poderanse presentar, dentro do prazo de citado no parágrafo anterior, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resguardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposición.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

**8.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS:** A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante. As propostas constarán de **TRES (3) SOBRES** pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu contido, nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar á desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de "**DECLARACIÓN RESPONSABLE**", incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo I deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 16ª do PUCAPT**, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato, especialmente as condicións de solvencia que tamén se citan de seguido:

-Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha declaración sobre o volume global de negocios ou ben sobre o volume de negocios no ámbito da actividade ao que se refire o presente contrato, referida aos **TRES (3)** últimos exercicios, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación, (**66.550,00 €**).

-Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluíra importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos **CINCO (5) ANOS** anteriores a data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a igualdade entre os dous primeiros díxitos do **CPV (79, xa que o CPV é 79100000-5)**, ao non estar encuadrado este contrato dentro dos grupos establecidos no R.D.1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC), durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior a **82.500,00 €**, sen incluír o IVE. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

No **SOBRE "B"** e baixo denominación "**OFERTA. CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR**", realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no **anexo II** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figura na **cláusula 9ª do PUCAPT**, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

No **SOBRE "C"** e baixo denominación "**OFERTA. CRITERIO AVALIABLE AUTOMÁTICAMENTE**", realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no **anexo III** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista, prezo e ampliación do prazo de garantía, que figura na **cláusula 10ª do PUCAPT**, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

**9.- CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR:** Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poida puntuarse:

**-Memoria de prestación do servizo.** Ata un máximo de **CINCUENTA (50) PUNTOS**. A estes efectos os licitadores deberán presentar unha memoria detallada dos protocolos de actuación para o desenvolvemento do servizo, coas prestacións complementarias directamente vinculadas co

obxecto do contrato, que non supoñan un incremento deste e que permitan un mellor funcionamento do servizo.

#### **10.-CRITERIO DE ADJUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE:**

Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala:

**-Prezo:** Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación por ano, co IVE, que figura na **cláusula 2ª** deste prego (**66.550,00 €**). Valorarase ata un máximo de **CINCUENTA (50) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a calificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As ofertas que igualasen ou superasen a porcentaxe de baixa correspondente a calificación de temeraria terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a calificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC.

**11.- MESA DE CONTRATACIÓN:** A presidirá o Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, asistirán, en calidade de vocais, dous concelleiros/as nomeados polo Alcaldía, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da Mesa de Contratación (en diante Mesa) publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución. A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación dos proposicións presentadas.

**12.-CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO:** Concluído o prazo de presentación de proposicións e coa documentación presentada conforme ao disposto neste prego, a Mesa constituirase, en sesión non pública, no salón de sesións do Concello, ás **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 7ª do PUCAPT**. No caso de que este día coincidise en sábado ou nun día inhábil, a sesión constitutiva da Mesa celebraríase o seguinte día hábil na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adjudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguirán, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado. Nesta primeira reunión a Mesa, logo de constituírse, procederá á apertura do **SOBRE "A"** e á cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo.

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"**, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixa ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado.

**13.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO SOBRE "A", POSTA EN COÑECEMENTO DA CUALIFICACIÓN E APERTURA DO SOBRE "B":** A sesión onde se realizarán os actos sinalados no enunciado desta cláusula terá carácter público, agás no que respecta á cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e celebrárase no salón de sesións do Concello, ás **DEZ (10) HORAS** do **TERCEIRO DÍA HÁBIL** seguinte ao da data de finalización do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da última proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no sentido indicado na **cláusula 7ª do PUCAPT**, agás o suposto de coincidencia coa finalización do prazo citado no derradeiro parágrafo da cláusula anterior, caso no que a reunión sería o día hábil seguinte que non fose sábado a mesma hora, publicándose o correspondente anuncio no perfil do contratante en data anterior a da celebración da sesión. No caso de que coincidise en sábado ou nun día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil que non fose sábado na mesma hora e lugar. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación, as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

No suposto da existencia de defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa, comezará coa cualificación definitiva da documentación presentada no **SOBRE "A"** e o pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento e, a continuación, a Mesa dará conta dos incidentes da citada cualificación. No caso de que non existisen defectos ou omisións subsandables a reunión da Mesa comezará directamente coa dación de contas da cualificación.

A reunión proseguirá coa apertura do **SOBRE "B"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

**14.- VALORACIÓN DO SOBRE "B", POSTA EN COÑECEMENTO DESTA VALORACIÓN, APERTURA E VALORACIÓN DO SOBRE "C" E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN:** Para a valoración do **SOBRE "B"** a Mesa solicitará un informe técnico realizado por persoal ao servizo do Concello, de calquera dos

seus organismos autónomos ou doutras administracións, que teña cualificación profesional adecuada en razón da materia obxecto da contratación e que non forme parte da Mesa, poidendo ser tamén ese asesoramento externo, dunha persoa física ou xurídica privada. No informe de valoración figurará unha proposta de atribución de puntuación, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 9ª do PUCAPT** e o límite mínimo **CERO (0) PUNTOS** e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 9ª do PUCAPT**.

Unha vez emitido o informe técnico a Mesa, nunha reunión que, no que respecta a este acto, non terá carácter público, valorará a documentación incluída no **SOBRE "B"**.

A sesión onde se realizarán todos os actos sinalados no enunciado desta cláusula, agás o referente a valoración do **SOBRE "B"**, que pode ou non efectuarse nesta mesma reunión da Mesa, celebrarase na sala da xuntas do Concello, na data e hora que se publicará no perfil do contratante, cunha antelación mínima á súa celebración de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**.

A sesión da Mesa, agás que na mesma tamén se proceda a valoración do **SOBRE "B"**, suposto no cal o primeiro acto, con carácter non público, será a realización desta valoración, comezará ou, no suposto anterior, continuará, con carácter público, coa posta en coñecemento da valoración da documentación incluída no **SOBRE "B"** e proseguirá coa apertura do **SOBRE "C"** e a lectura das proposicións formuladas neles.

Unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"** a reunión continuará, con carácter non público, para que a Mesa proceda, mediante a aplicación automática do criterio descrito na **cláusula 10ª do PUCAPT**, á valoración da documentación incluída no **SOBRE "C"** e a determinación da puntuación total mediante a suma das valoracións outorgadas aos dous **SOBRES**, clasificando todas as propostas na orde decrecente de maior a menor puntuación.

A Presidencia da Mesa, unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"**, invitará aos asistentes que non sexan membros dela, a ausentarse da sesión, comunicándoos que no prazo que determine a propia Presidencia, segundo o número de ofertas presentadas, os criterios a empregar e a complexidade da súa aplicación, que se indicará tamén nese momento e que non poderá exceder de **DUAS (2) HORAS** e, logo de que a Mesa realice as operacións descritas no parágrafo anterior, a sesión volverá ter carácter público.

No suposto de que non houbese asistentes que non formen parte da Mesa, na posta en coñecemento da puntuación outorgada a documentación incluída no **SOBRE "B"** e na apertura do **SOBRE "C"**, a reunión continuará, con carácter non público, ata que a Mesa realice as operacións descritas no segundo



parágrafo desta cláusula e, unha vez efectuadas, sen necesidade de respectar ningún prazo, reanudarase a sesión con carácter público e procederase conforme ao sinalado nos parágrafos seguintes desta cláusula.

Reanudada a sesión con carácter público, unha vez transcorrido o prazo anunciado pola Presidencia, polo Secretario da Mesa darase lectura á valoración total das ofertas, informando que se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta con maior puntuación total. En caso de existir empate nas ofertas, decidirse a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público. A Mesa finalizará coa formulación da proposta de adxudicación do contrato conforme o sinalado nesta cláusula.

#### **15.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:**

Unha vez realizada a valoración pola Mesa, o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionadas ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

**16.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN:** O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador que teña a proposta máis valorada, sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 8º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

Os documentos a presentar, que deberán ser orixinais, admitíndose fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais, son os seguintes.

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

- a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou

modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo III** deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores.

4.-Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional:

-Solvencia económica e financeira: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha declaración sobre o volume global de negocios ou ben sobre o volume de negocios no ámbito da actividade ao que se refire o presente contrato, referida aos **TRES (3)** últimos exercicios, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación, **(66.550,00 €)**.

-Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluírá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos **CINCO (5) ANOS** anteriores a data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a igualdade entre os dous primeiros díxitos do **CPV (79, xa que o CPV é 79100000-5)**, ao non estar encuadrado este contrato dentro dos grupos establecidos no RXC, durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior a **82.500,00 €**, sen incluír o IVE. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o

destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

5.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2, 3 e 4 (agás a acreditativa da solvencia técnica ou profesional). Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego, do licitador na que se manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

6.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentácese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes. Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

7.-Garantía definitiva do 5% do importe total da adxudicación (inicial e posibles prórrogas) excluído o IVE.

8.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada

un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b) Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

**17.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:** O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requerida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante se indicará o prazo no que debe procederse a

formalización do contrato. Faise constar que o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no art. 59.4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro é de **CINCO (5) DÍAS**.

**18.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:** A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

**19.-DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. A Administración non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

**20.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO:** O prazo de prestación do servizo é **DUN ANO** dende a súa firma e **TRES (3)** posibles prórrogas **DUN ANO** cada unha, **ATA UN MÁXIMO DE CATRO (4) ANOS**. As prórrogas serán obrigatorias para o contratista, debendo comunicar o ente contratante ao contratista a vontade de facer efectiva cada prórroga coa antelación de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** antes do vencimento do

contrato. A prórroga do contrato deberá formalizarse por escrito antes da que se extinga este.

Aínda que a duración do contrato é a sinalada no parágrafo primeiro desta cláusula, de conformidade co sinalado no art.303.3 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), o adxudicatario deste contrato, na data posterior a fixada como período de duración do contrato no parágrafo primeiro desta cláusula, quedará obrigado, se así o considera oportuno o ente contratante, a seguir coas actuacións encargadas en execución deste contrato e que estivesen pendentes de resolución no momento de finalización do período de duración deste contrato, entendendo que os asuntos estarán resoltos cando as sentenzas, autos ou actos ditados nos seus respectivos procedementos sexan firmes, correspondéndolle igualmente ao adxudicatario, se así o considera oportuno o ente contratante, defender ao Concello ou a Terra de todos os incidentes que poidan derivarse da execución de sentenzas firmes, aínda que o período de duración do contrato xa estivese finalizado, respecto das actuacións encargadas en execución deste contrato. Todas as actuacións citadas neste parágrafo do prego non supoñerán custo algún adicional para o ente contratante, aínda que rematase o presente contrato.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

**21.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCIÓN DO CONTRATO:** O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Asemade o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle poidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

**22.-PENALIDADES:** Imporanse penalidades ao contratista cando incurra en algunha das causas previstas a continuación:

- a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurrixe en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) **Por incumprir o ofertado respecto dos** aspectos sobre os que se desenvolveu a negociación. Imporanse ao contratista penalidades nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un aspecto sobre o que se desenvolveu a negociación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no aspecto incumplido, resultará que a súa oferta non houbese sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

**23.-ABOAMENTO DO PREZO:** O contratista terá dereito ao abono do servizo prestado a mes vencido mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído e a conformidade á mesma do responsable do contrato.

A contía de cada factura ascenderá ao importe mensual que figura na oferta do contratista ou ao rateo correspondente se se trata dun mes incompleto.

**A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE). De non ser así as facturas**

**presentadas serán devoltas.**

**24.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN:** Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

**25.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO:** Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 308 do TRLCSP, que acordarase na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 309 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta e da obriga de incompatibilidade para actuar en asuntos en que se poidan ver afectados intereses do Concello ou de Terra.

**26.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA:** O prazo será **DUN (1) ANO** contado dende a data de finalización do contrato. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ao servizo prestado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, tódalas deficiencias que poidanse observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, dacordo co establecido no presente prego e no art. 305 do TRLCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.

**27.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA:** Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
  
- b) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOP e os gastos do anuncio da formalización do contrato, ata un máximo de **TRES MIL (3.000,00) €**.

**28.-RESPONSABLE DO CONTRATO:** A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP, será o Alcalde o responsable do contrato.



**29.-REXIME XURÍDICO:** O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdicción, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Sanxenxo, 16 de decembro de 2.015.

O alcalde-presidente

Gonzalo Gonzalo Pita

## ANEXO I

### **MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE SANXENXO.(incluí r no SOBRE "A")**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa  
proposta para participar no procedemento de contratación do servizo de  
**"DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓ NS" DECLARO** o seguinte:

- a) Que o licitador cumpre coas condición s establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 16ª do prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescripción s técnicas, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 16ª do prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescripción s técnicas en calqueira momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requirido para iso polo órgano de contratación.
- b) Que o licitador autoriza á administración contratante a consultar datos que obren no seu poder ou no de outras administración, aos efectos de comprobación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

## ANEXO II

### MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B" (CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa  
proposta para participar no procedemento de contratación do servizo de  
**"DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU  
ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE  
XURISDICTIONS"**, comprométese a executala con suxeición ao prego  
unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a  
presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 9ª  
do prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescricións  
técnicas, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

- **-Memoria de prestación do servizo.** Acompañó a este escrito **unha  
memoria detallada da prestación do servizo**, referenciando os  
protocolos de actuación para o desenvolvemento do servizo, coas prestacións  
complementarias directamente vinculadas co obxecto do contrato, que non  
supoñan un incremento deste e que permitan un mellor funcionamento do  
servizo.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

### ANEXO III

#### MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "C" (CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa  
proposta para participar no procedemento de contratación do servizo de  
**"DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓNS"**, comprométese a executala con suxeición ao prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 10ª do prego unificado de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

**-Prezo:** Ofrezco a prestación do servizo de **"DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓNS"** polo seguinte prezo, que expresa o presuposto máximo de licitación por ano, co Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), que non supera o sinalado na cláusula 2ª deste prego **(66.550,00€)**:

Sen IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

Total co IVE \_\_\_\_\_ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do presuposto máximo de licitación por ano, incluído o IVE de \_\_\_\_\_ (en número e letra) €.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

## ANEXO IV

### **MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, como licitador proposto para a  
adxudicación do contrato de prestación do servizo de **"DEFENSA LETRADA  
DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO,  
TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDIÇÕES"**, DECLARO o  
seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

## ANEXO V

**MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e tan só no suposto de que o licitador acredítase condicións de capacidade e solvencia mediante a presentación dun certificado acreditativo de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores**

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----  
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---  
-----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato de prestación do servizo de **"DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓN"**, DECLARO o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do proponente)